

ACCESIBILIDADE (Artigo 9 CDPG) Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade

DEFENDEMOS

Garantir o cumprimento de accesibilidade universal, desenvolvendo medidas que promovan a accesibilidade cognitiva.

Empregar a lectura doada en leis, normativas e documentos públicos que afectan ao día a día das persoas con discapacidade intelectual e do desenvolvemento (pictogramas, información sonora) MUNICIPIOS AMIGABLES, POLITICAS QUE PROMOVAN ÁMBITOS COMPRENSIBLES.

POR QUE

Moitas persoas con discapacidade intelectual non alcanzan a lecto-escritura ou teñen un nivel de lecto-escritura reducido. Para garantir o acceso á información de todas estas persoas é necesario facer uso de técnicas que permitan a comprensión da información.

LIBERDADE E SEGURIDADE (Artigo 14 CDPG) Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade

DEFENDEMOS

Garantir o acceso á información e promover a figura do facilitador de persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento nos procesos xudiciais e policiais.

POR QUE

As persoas con discapacidade intelectual necesitan en moitas ocasións apoios para poder comprender a situación na que se encontran. A súa situación pode asemellarse á necesidade doutros colectivos de contar coa figura dun tradutor.

DEFENDEMOS

Impulsar a modificación legislativa no Código Civil, que favoreza que as sentenzas de modificación da capacidade de obrar se fagan examinando a singularidade e particularidade de cada persoa con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

POR QUE

Aínda que se avanzou moito hai que evitar que a incapacitación xudicial supoña unha perda xeral de dereitos que en moitos casos priva da participación ás persoas con discapacidade intelectual (por exemplo o dereito ao voto).

EDUCACION INCLUSIVA (Artigo 24 CDPD) Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade

DEFENDEMOS

Que aquelas familias que elixan para os seus fillos a inclusión educativa, se vexan apoiados polos orientadores nos seus ditames.

Garantir que se optan por esa opción os centros educativos contasen cos recursos e apoios necesarios para garantir unha escolarización exitosa e de calidade.

POR QUE

Na actualidade non existe equipo especializado en discapacidade intelectual polo que os equipos de orientación educativa teñen dificultades para detectar de forma temperá a sintomatoloxía da discapacidade intelectual, especialmente cando é límite xa que ás veces esta última confúndese cun baixo rendemento académico.

DEFENDEMOS

Desenvolver normativa que regule os apoios na etapa de educación secundaria post obrigatorio: FP e Bacharel.

POR QUE

Cando un neno remata en primaria e teñen que pasar á educación secundaria, desaparece a "aula estable", non existen nin apoios nin recursos para estes alumnos e hai unha ausencia clara de oferta formativa posterior, co cal á familia ten dúas opcións: a busca dun centro específico; o mais próximo na Coruña ou queimar etapas no Centro educativo ata o cumprimento da idade.

Aspaber avoga por un modelo de formación flexible, que se inicia na etapa educativa, que respecte os seus ritmos de aprendizaxe, individualizada, con adaptacións metodolóxicas axeitadas ao perfil do alumno, unha formación de 3 ou 4 anos mesmo mais en función da idade, que a devandita formación lles permita mellorar o seu nivel de competencias persoais sociais e laborais, para iso A Asociación Aspaber ponse a disposición das diferentes administracións públicas (locais e autonómicas, para poñer en marcha o modelo).

SAÚDE (Artigo 25 CDPD) Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade

DEFENDEMOS

Crear unidades especializadas en discapacidade intelectual nas diversas áreas sanitarias (Centros de atención primaria, hospitais etc.,) para garantir que calquera persoa con discapacidade intelectual con necesidades de coidados médicos sanitarios conte co apoio especializado.

POR QUE

As persoas con discapacidade intelectual teñen unha maior predisposición a ter enfermidades tanto de tipo físico coma mental, pero aínda que a necesidade de asistencia médica dáse, as posibilidades de acceso aos dispositivos de saúde, están condicionadas por unha serie de dificultades: expresión do malestar, adaptarse ás situacións descoñecidas, dificultades para a integración de estímulos sensoriais, reticencia que lle sexan practicadas probas, rixidez organizativa, ambiente pouco acolledor.

Por iso ASPABER esta levando a cabo un traballo con distintos profesionais do Centro de atención primaria de Carballo, co obxectivo de dotar de ferramentas para o mellor coñecemento das persoas con discapacidade intelectual, e quere extrapolalo a outros centros de saúde dos concellos limítrofes.

DEFENDEMOS

Que se regule dentro do ámbito socio-sanitario, servizos de estimulación para maiores de 6 anos con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento.

POR QUE



Aínda que recentemente Carballo conta cunha unidade de atención temperá, os devanditos servizos están contemplados ata os tres anos, moitas persoas con discapacidade intelectual, é necesario que lle sigan prestando servizos de psicomotricidade, fisioterapia, logopedia, psicoterapia.

Aspaber conta con profesionais capacitados para a prestación dos devanditos servizos.

TRABALLO E EMPREGO (Artigo 27 CDPD) Convención Internacional de Nacións Unidas sobre os Dereitos das persoas con discapacidade

DEFENDEMOS

Garantía das subcotas específicas de emprego público e garantía de adaptación de probas para persoas con discapacidade intelectual. Vixilancia efectiva do cumprimento da cota de reserva por parte dos servizos inspección laboral e requisito imprescindible para á contratación coa Administración independente do tipo de contrato.

Reserva a Centros Especiais de Emprego dun 6%, da contratación pública de bens e servizos.

Inclusión de oficio de todos os pregos de contratación administrativa de cláusulas sociais que prioricen ás empresas licitadoras que fagan esforzos de responsabilidade legal e social contratando persoas con discapacidade e non aceptando á licitación pública aquelas que non acrediten o cumprimento da cota legal de reserva do 2 por cliente a favor de persoas con discapacidade.

POR QUE

As persoas con discapacidade intelectual ten moitas mais dificultades que o resto dos cidadáns para encontrar un traballo, se encontran en condicións de produtividade e polivalencia significativamente inferiores a outras discapacidades, mesmo cando a economía esta en fase expansiva. Así mesmo constitúe un grupo poboacional con especial risco de sufrir mais rápidamente e de forma mais acusada os efectos dunha situación económica negativa.

A Asociación ASPABER, leva traballando dende o ano 1976, dende o ano 2000 conta cun Centro Especial de Emprego, no que a actualidade traballan 33 traballadores en diferentes centros e servizos.



O contrato de Limpeza Viaria foi un referente tanto para a Asociación coma para outros colectivos a nivel autonómico e nacional. En maio do 2016, rematasen 12 anos de prestación de servizos, que consideramos que se realizaron con rigor. Dende ASPABER consideramos que as administracións máis próximas ao cidadán deben ser un referente na integración laboral, e por iso solicitamos que o próximo contrato de limpeza, se reserve para Centros Especiais de Emprego.

DEFENDEMOS

- Non deixar sen cobertura de distintos servizos a persoas con discapacidade intelectual non valorados como dependentes.
- Revisar o sistema de COPAGAMENTO polos servizos de dependencia, eliminándoos en ingresos inferiores ao 2,5% do IPREM. A Asociación ASPABER dispón de pregos de recollidas de firmas para a modificación da Lei.
- Adaptación dos programas electorais a doada lectura de forma que se garanta que as persoas con discapacidade intelectual ou do desenvolvemento poidan votar en igualdade de condicións que os demais.
- Participación na vida cultural, actividades recreativas, esparcemento e deporte. A través de planificación de actividades dende unha perspectiva inclusiva.